

## CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE SANIDADE E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DA XUNTA DE GALICIA PARA ESTABLECER AS BASES DA PROVISIÓN DOS SERVIZOS TRASFRONTEIRIZOS DE INFORMACIÓN DE SANIDADE ELECTRÓNICA (CBeHIS) DENTRO DA eHealth DIGITAL SERVICE INFRASTRUCTURE (eHDSI)

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade asinou o día 08.04.2022 co Ministerio de Sanidade o instrumento convencional arriba referido, o cal resultou eficaz unha vez inscrito no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal e estará vixente por catro anos, sendo susceptible de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Desenvolver, para o Sistema Nacional de Saúde (SNS), o Acordo entre as Autoridades Nacionais responsables dos Puntos de Contacto de Saúde Electrónica (Acordo Europeo) para participar nos Servizos Transfronteirizos de Información de Sanidade Electrónica (CBeHIS). Para elo, o convenio debe desenvolver e adaptar ás especificidades do SNS as obrigas e responsabilidades que se dispoñen nese acordo europeo.

- Establecer as medidas organizativas e técnicas, así como as obrigas e deberes que corresponden ao Ministerio de Sanidade e á Consellería de Sanidade en materia de protección de datos persoais, atendendo á responsabilidade respectiva que existe entre todos os actores involucrados no intercambio de información a nivel SNS e a nivel da UE no marco establecido para os CBeHIS.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Directiva 2011/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteiriza, dispón que os Estados Membros da Unión Europea deben garantir a continuidade asistencial dos cidadáns dentro dela. Para isto, o artigo 14 da Directiva crea a Rede de Sanidade electrónica ou eHealth Network (eHN), da que España é parte desde a súa creación, que se constitúe como un organismo político e estratéxico para a Saúde Electrónica en Europa para desenvolver un Marco Europeo de Interoperabilidade para os Servizos Transfronteirizos de Información de Sanidade Electrónica (Cros- Border eHealth Information Services – CBeHIS).

A eHealth Network (eHN) foi establecendo as bases da interoperabilidade en materia organizativa, semántica e técnica, así como un marco xurídico mediante a elaboración dun Acordo entre Autoridades Nacionais (Acordo Europeo) para a provisión dos Servizos Transfronteirizos de Información de Sanidade Electrónica (CBeHIS), no marco da lexislación da UE e das lexislacións nacionais.



O Acordo Europeo susténtase sobre o principio de non interferencia e da voluntariedade na firma do mesmo, e prevé que, con independencia da organización interna de cada Estado Membro, exista un único punto de comunicación organizativo e técnico que actúe como responsable na intermediación destes datos con outros Estados Membros a través da infraestrutura europea ou eHealth Digital Services Infrastructure ( eHDSI).

O convenio que nos ocupa, e a cuxo obxecto nos vimos xa de referir, procede a regular os seguintes aspectos:

a) o funcionamento do Punto Nacional de Contacto para sanidade electrónica (NationalContact Point for eHealth - en diante NCPeH), cuxa responsabilidade recaerá no Ministerio de Sanidade.

b) as responsabilidades principais do Ministerio de Sanidade e das Comunidades Autónomas e INGESA para a prestación de CbeHIS.

c) a responsabilidade e obrigas das partes no tratamento dos datos, que non poidan xeneralizarse nun acordo a nivel europeo e deba levar a cabo a nivel nacional, de acordo coas definicións do artigo 4. 7) e 4. 8) do Regulamento 2016/679/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), sobre a base das peculiaridades nacionais, e dos artigos 13 e 14 acerca da información que se proporcionará aos pacientes sobre os seus dereitos no CBeHIS.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

